

DOG Nº 131. VIERNES 8 DE JULIO

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E
INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2011, do Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se anuncia o establecemento do servizo de transporte regular a lugares de lecer para a ruta A Coruña-Carral e pola que se abre un prazo para presentar solicitudes de autorización para prestar o servizo.

De conformidade co disposto no Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer, a empresa *Automóviles Sigrás Carral, S.A.* presentou solicitude de establecemento do servizo para a ruta A Coruña-Carral. Unha vez examinada a solicitude e de acordo co artigo 6.2 do citado decreto, este Servizo de Mobilidade elevou proposta estimatoria á Dirección Xeral de Mobilidade. En consecuencia, o 12 de abril de 2011 esa dirección acordou establecer o servizo solicitado e ordenou a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a apertura dun trámite de información pública.

En consecuencia,

RESOLVO:

- Publicar como anexo os datos básicos do servizo.

- Abrir un prazo de 20 días hábiles, contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os empresarios de transporte poidan presentar a solicitude de autorización para prestar o servizo.

Para estes efectos, deberán presentar a documentación que se relaciona no artigo 6.1 do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.

A Coruña, 16 de xuño de 2011.

César Concheiro Ceide
Xefe do Servizo de Mobilidade da Coruña

ANEXO

Ruta: A Coruña-Carral.

Paradas: pz. de Ourense, avda. Alfonso Molina (est. autobuses, *Carrefour*, gasolinera), *Alcampo*, O Portádego, A Corveira, Vilaboa (Igrexa e pastelería), O Burgo (Ser. múltiples), O Paraugas, Urb. Urbilar, A Barcala, Cambre, Cambre estación, Os Campóns, A Cabana, A Rocha, Alto A Rocha, Altamira, Altamira II, Altamira III, Tabeaio, Pol. Carral, Carral.

Calendario: venres do ano 2011 e vísperas de festivos.

Horarios:

Ida: 23.00-00.30.

Volta: 4.00-5.00-6.00.

Prezo:

Ida: 2,50 euros.

Volta: 2,50 euros